

Figura 108: Motivos polo que as empresas non se relacionan coa Administración de xeito electrónico.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

O Observatorio TIC, pola súa parte, indica que 41% das empresas con menos de dez empregados/as utiliza esta canle de relación coa administración, porcentaxe que se eleva ao 63% no caso das empresas con entre 10 e 50 empregados/as, proporción superior á media estatal segundo o INE.

1.5 Uso doutros servizos en liña

Fronte a servizos consolidados como os financeiros, ou en vías de consolidación como a relación coas Administracións, existe aínda un amplo abano de posibilidades cun nivel de explotación moi baixo por parte das empresas.

Pese a esta circunstancia, o 40% das empresas españolas pensa que xa emprega Internet no máximo das súas posibilidades.

Nesta capítulo analizarase, en primeiro termo, os servizos que as empresas galegas declaran empregar. Seguidamente, analízanse tres servizos que, pola súa natureza,

requiren especial atención: o uso de servizos bancarios e financeiros, a relación coas administracións públicas e a formación dos empregados/as. Por último, expóñense os principais obstáculos á definitiva universalización do acceso á Internet nas empresas.

Segundo os datos que agroman das enquisas, os principais servizos a que acceden as empresas na Internet son a procura de información e o acceso a servizos bancarios.

Aínda que o primeiro é xenérico, a excelencia do segundo fíxo que o seu uso sexa estendido practicamente a todas as empresas cun 88% de emprego. Nun segundo termo atópanse conceptos de adquisición de servizos como o de transporte e aloxamento, ademais dunha serie de procesos para realizar o desenvolvemento da empresa tanto interno como externo, como pode ser facer publicidade da empresa, observar o comportamento do mercado e o de formación e aprendizaxe.

En canto ao grao de satisfacción destes servizos, as enquisas amosan que o 88% das empresas valóranos de xeito positivo ou moi positivo, e é indiferente o 8% destas.

Por sectores de actividade pódense observar lixeiras variacións: presentan unha maior aceptación aqueles sectores que xa fan un uso intensivo das novas tecnoloxías.




Figura 109: Servizos empregados polas empresas.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾




Figura 110: Valoración dos servizos empregados polas empresas.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

Outro ámbito de análise é identificar cales serían os de maior demanda, é dicir, os que non se atopan actualmente na Internet e serían considerados como atractivos para a empresa: destaca a demanda de servizos comerciais que modulen as relacións entre os clientes ou cos provedores.




Figura 111: Servizos que demandan as empresas.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

Como referencia a Galiza preséntase, segundo o Observatorio TIC, que os servizos máis empregados polas empresas galegas a través da Internet son os que amosa a Figura 112: a procura de información xeral e de mercado e a relación coas entidades financeiras e coas administracións públicas.




Figura 112: Utilización non comercial da Internet na empresa.

Fonte. *Observatorio Galego da SI*⁽²⁾

Os servizos financeiros son o paradigma de éxito no referido á penetración e uso na empresa. Por outra banda, o emprego da rede –das TIC en xeral– para a formación dos empregados/as é un aspecto especialmente de interese.




Figura 113: Evolución da porcentaxe de empresas que usa Internet para servizos bancarios/financeiros e para a formación do seus empregados/as.
 Fonte. *Red.es* ⁽⁵⁾




Figura 114: Porcentaxe de empresas que usa Internet para servizos bancarios/financeiros e para a formación de seus empregados/as. Análise por tamaño de empresa. Ano 2005.
 Fonte. *Red.es* ⁽⁵⁾

O emprego dos servizos financeiros é un exemplo de servizo moi próximo ao seu nivel de saturación. Nove de cada dez empresas son usuarias deste servizo e as diferenzas en nivel de uso por tamaño, aínda que persisten, non acadan a significación que se produce noutros parámetros.

Pola súa banda, a aprendizaxe a través da Internet atópase aínda nun estado previo ao da maduración: os datos de penetración son aínda baixos –ao redor dun terzo das empresas, segundo o INE–, os incrementos son moderados –ao redor dos tres puntos anuais– e os diferentes tamaños de empresas provocan que os maiores niveis de penetración dupliquen aos menores. Aínda así, o Estado Español ocupa, neste indicador, unha boa posición no contexto europeo, significativamente por riba da media da UE-25.




Figura 115: Porcentaxe de empresas que usa Internet para a formación dos seus empregados. Comparativa europea. Ano 2005.

Fonte. *Red.es* ⁽⁵⁾

Péchase este capítulo facendo un repaso aos motivos polos que o uso da Internet e os seus servizos non é aínda maior nas empresas españolas.

Segundo DMR/AETIC, un 40% das empresas entenden que xa explotan a canle Internet ao máximo das súas posibilidades. Paradoxalmente a seguinte barreira, co 15%, é a da percepción de que Internet non lles vai reportar nada.




Figura 116: Obstáculos ao uso da Internet na empresa.
Fonte. *Elaboración propia a partir de datos de DMR/AETIC* ⁽⁶⁾